

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

MÉRCORES 15 DE XULLO 2009, 16:00 h

Do compromiso individual aos argumentos

Lingua e ensino

Valentina Formoso Gosende (coordinadora)

LIMIAR

A mesa de traballo “Lingua e ensino” organizouse no momento álxido da polémica sobre a presenza da lingua galega no ensino non universitario co obxectivo de recoller opinións de axentes implicados no sistema educativo que non estivesen posicionados en ningún dos extremos que moven o debate, podendo así representar o máis posible a opinión media da sociedade.

Contouse, para o desenvolvemento da mesa de traballo, coa presenza física de cinco persoas convidadas cuns perfís significativos, aínda que -obviamente- recollen de xeito parcial a realidade plural que engloba o noso sistema educativo: tres profesoras, unha nai e un pai, este á súa vez estudante¹.

Escolléronse tres profesoras (o feito de seren mulleres foi coincidencia seguramente derivada dunha cuestión estatística) de dous niveis diferentes da educación non universitaria: unha de primaria e dúas de secundaria, estas últimas docentes especialistas en dúas disciplinas que na actualidade se están impartindo en lingua galega: xeografía e historia (desde o Decreto 247/95) e matemáticas (desde o Decreto 124/2007). Todas elas son funcionarias da Consellaría de Educación, cunha experiencia no corpo de entre 11 e 13 anos e con usos lingüísticos variados. Preséntase no seguinte cadro algún outro dato de interese:

¹ Nun primeiro momento estivo barallándose a posibilidade de incorporar estudantes de bacharelato ou mesmo do primeiro ano de universidade pero desbotouse por varias razóns que ían desde a pouca dispoñibilidade a aceptaren o convite ata a pouca información sobre o tema que dicían ter.

Participante	Nivel	Experiencia	Datos sociolingüísticos
A	Secundaria: xeografía e historia	Traballa desde 1996 (oposición) Principalmente centros urbanos con alumnado castelanfalante	Lg. materna: castelán Lg. habitual: as dúas
B	Secundaria: matemáticas	Traballa desde 1998 (substituta/ interina; 2007: oposición) en centros de toda Galicia.	Lg. materna: castelán Lg. habitual: castelán
C	Primaria (Experiencia de 6 anos dando nos 1ºs anos de secundaria lg. castelá)	Traballa desde 1995 (interina; 2007- oposición) principalmente centros rurais con alumnado galegofalante	Lg. materna: galego Lg. habitual: as dúas

Ademais destes membros do profesorado acompañounos unha nai castelanfalante da Coruña cunha nena de 11 anos escolarizada en primaria e un neno de 5 en infantil, nun colexio público de Montealto, onde o ensino é basicamente en galego e mais un pai dun concello rural, galegofalante, con dous nenos de 3 e 6 anos, escolarizados nunha unitaria do mesmo concello. Este, ademais, viña para ofrecernos a perspectiva de alumno tras estar cursando un ciclo superior de audioprotesista nun centro concertado de Santiago, ciclo que vén de rematar no presente curso. No seguinte cadro recóllense os ses datos máis relevantes:

Participante	Perfil	Profesión	Datos sociolingüísticos
D	Nai nacida e residente na Coruña con dous nenos escolarizados unha en infantil e outro en primaria	Administrativa	Lg. materna: castelán Lg. habitual: castelán
E	Pai nacido e residente en Outes, con dous nenos escolarizados en infantil nunha unitaria do concello. Estudante de ciclo	Óptico e audioprotesista	Lg. materna: galego Lg. habitual: galego

Coa intención de completar a información que saíse na mesa, previamente entrevistouse tamén a membros do profesorado de primaria e secundaria das mesmas especialidades cós que estiveron presentes:

Profesorado:

- a) Secundaria, especialidade xeografía e historia:
 - dúas profesoras, galegofalante unha e castelanfalante a outra, que impartiron clases maioritariamente en centros de zonas rurais con alumnado galegofalante.
 - un profesor galegofalante que dá clase nun centro urbano concertado con alumnado castelanfalante.
- b) Secundaria, especialidade matemáticas:

- dúas profesoras, unha castelanfalante con experiencia en centros rurais e outra galegofalante que traballou en moi diferentes hábitats debido á súa condición de interina durante 9 anos.

c) Primaria:

- un profesor que se denomina bilingüe e con experiencia en centros rurais basicamente
- unha profesora especialista en audición e linguaxe, galegofalante e recién entrada no corpo.

Tamén se entrevistou a pais de nivel sociocultural medio e medio-alto

- un pai bilingüe urbano cunha filla castelanfalante escolarizada en 2º de bacharelato.
- un pai galegofalante urbano cunha nena castelanfalante escolarizada en infantil.
- unha nai galegofalante do rural con dúas nenas galegofalantes escolarizadas en primaria.

Durante a mesa de traballo presencial, a coordinadora realizou unha primeira rolda de preguntas encadeadas aos convidados, e logo foi introducindo as cuestións que o resto dos presentes na sala formulaban por escrito. Pretendeuse, desde o primeiro momento, que os participantes se expresasen con toda liberdade, insistíuselles en que nos interesaban as súas opinións sinceras e tratouse de deixalos falar “en confianza” para que puidésemos percibir realmente o seu sentir ao respecto do tema a tratar. De feito, para que non puidesen traer ningún discurso preparado, non se lles informou exactamente de cal era o tema sobre o que se ía debater na mesa, só se lles aclarou que terían que estar unha hora arredor dos discentes do curso de verán contestando unhas preguntas sobre o seu traballo.

Despois desta primeira parte que ocupou unha hora e media, os participantes nesta mesa debateron sobre as cuestións alí formuladas durante outro tanto tempo. Froito de toda esta análise xurdiron as conclusións que aquí se presentan.

CONCLUSIÓNS

Das entrevistas que configuraron o material previo da mesa de traballo, da propia mesa presencial cos cinco participantes e do debate posterior, tiráronse as seguintes conclusións:

1. A PERVIVENCIA DO AUTOODIO E DE MOITOS PREXUÍZOS CARA AO GALEGO

No conxunto da sociedade segue a transmitírselle ao alumnado -por parte do profesorado e de nais e pais- un conxunto de prexuízos que, polo que se percibe, non mudan por máis que transcorren os anos. Citamos 3 dos máis relevantes que observamos:

1. Continúa a se asociar a defensa e o emprego do galego en determinados contextos cunha **opción política** nacionalista e/ou radical. O discurso intereseiro que se vén dando desde hai anos e que se acrecentou a partir do goberno bipartito sobre a asociación entre o uso do galego en determinados contextos e unha determinada militancia, leva a que se perdan moitos galegofalantes nunha converxencia que estes consideran “necesaria” cara ao castelán para non seren “sospeitosos/as” de.... No entanto, este non é, nin moito menos, o único motivo de converxencia cara á lingua que se considera común e coa que se cre que se manifesta “boa educación”.
2. O galego continúa a ser a lingua dun rural que esmorece, a lingua do pobre, mais non a do progreso. Aquelas persoas que teñen o galego como lingua inicial seguen considerando que non saben falar, avergónzase e renegan da súa lingua.
3. Cuestión do estándar e do rexistro culto
 - Aínda en 2009 recolleemos por parte de todos os informantes a falta de aceptación da norma estándar e da variedade culta do idioma, por xulgala lonxe dos falantes, idea que sempre sentiu parte do profesorado e moitas nais e pais, porque late nunha parte moi importante da sociedade, e está reforzada por determinado discurso

onde se acusa o galego normativo de ser unha «neolingua», un código inventado, coma se os estándares das outras linguas non o fosen.

- o Esta actitude pon de manifesto a falta de conciencia na sociedade galega a respecto do que significa o estándar e as variantes dialectais dunha lingua, algo que as futuras xeracións tampouco están a aprender nos centros de ensino.
- o **non se domina** a norma culta (e moitas veces non se quere dominar, empregando como desculpa o rexeitamento da variante estándar que vimos arriba) por unha gran maioría social que non foi alfabetizada en lingua galega, mais tampouco polos que si tiveron esa alfabetización. Existe unha problemática social que levou a que a ausencia de competencia en lingua galega siga asentada en profesorado, nais-pais e alumnado, que non len no noso idioma: non len literatura porque non a coñecen e non len prensa porque non a hai. Isto reafirma unha situación que deixa a nosa lingua fóra do xogo da vida diaria da poboación galega.

MEDIDAS. Ante esta situación considerouse que:

- Cómpre darlle unha estabilidade definitiva á norma culta do galego, tras un paso previo que pase por dotala do necesario prestixio.
- Vese necesario que desde a administración se realicen campañas de prestixio do estándar e dos rexistros cultos da lingua, como elemento esencial para a cohesión e a normalización desta.
- Cómpre promover a nosa literatura coa finalidade de que a sociedade a lea, eliminar os estigmas que caen sobre ela, difundila e facer que chegue á poboación, mais tamén cómpre facer un labor “serio” de fomento do galego nos medios de comunicación de masas.

2. NECESIDADE DE APOIO PEDAGÓXICO PARA O PROFESORADO

O profesorado quéixase en xeral de falta de formación en lingua galega e da escaseza de materiais de apoio para as clases.

A deficiente formación da que falan baséase tanto na escaseza de coñecementos sobre terminoloxía específica, como no descoñecemento ou a manifestación de falta de

competencia nas destrezas básicas, en morfosintaxe e sobre todo en actualización normativa, estando esta cuestión directamente relacionada cos prexuízos que existen cara á norma culta, que se citaron arriba. Porén, en moitas ocasións, a falta de seguranza que acusan é unha escusa para xustificaren o seu paso ao castelán.

No tocante á formación, cómpre deixar constancia das queixas que se recolleron a respecto dos Cursos de galego para profesorado en prácticas, cursos de obrigada asistencia para todo o profesorado que aprobou as oposicións a partir do 2007 (número moi considerable debido á alta oferta nas dúas convocatorias pasadas). Este profesorado transmitiu un forte malestar (non unánime, pois os cursos tampouco foron homoxéneos) basicamente porque os contidos do curso eran pouco axeitados, dado que no programa non se incluía un desenvolvemento de competencias específicas para cada materia no nivel da terminoloxía, da adquisición de destrezas, de fluidez sintáctica, etc... pasando a interpretarse o curso coma unha perda de tempo e unha cuestión de índole ideolóxica. Isto agravouse nalgúns zonas onde non se contemplaba que nos centros se concedesen permisos de asistencia cando algunha sesión coincidía en horario laboral². Estas cuestións axudaron a crear, entre o profesorado e nos centros de ensino, un discurso negativo sobre a política lingüística que se estaba levando a cabo.

Xa para rematar esta epígrafe, non podemos deixar de citar a queixa do profesorado, tanto de primaria coma de secundaria, pola escaseza de materiais básicos en lingua galega, e isto vai desde, por exemplo, a falta real de mapas en galego, ata a falta de recursos que si existen, pero o profesorado descoñece, como pode ser o material de lecto-escritura.

MEDIDAS que se propoñen para paliar esta situación:

- En primeiro lugar, vese a necesidade dun **plan de formación** en lingua galega perfectamente deseñado, onde se valore realmente a aprendizaxe da lingua e onde se ofrezan unha serie de facilidades que demostren un compromiso da propia administración. Estes cursos deberían atender a dúas cuestións importantes: unha de índole administrativa que pasaría porque puntuasen no concurso de traslados nun apartado concreto e mais que se contemplase unha redución horaria para realizalos; e outra que afecta aos contidos pois deberían estar deseñados por especialidades, centrándose na terminoloxía específica de

² Os cursos desenvolvíanse en horario de 18:00 a 21:00 horas no primeiro trimestre do curso. Se había claustros, reunións con pais ou calquera outra actividade no centro que puntualmente ocupase ese horario, ao profesorado en prácticas non se lle concedía permiso, debía coller horas de asuntos propios para asistir.

cada unha e, o que é fundamental, deberían ocuparse de dotar o profesorado de soltura oral no rexistro culto da lingua, pois a oralidade é a súa ferramenta diaria.

- En segundo lugar, cómpre dotar de materiais “de calidade” todas as especialidades para que haxa vontade de escollelos, mais tamén facer visible todo o material existente en lingua galega, ferramentas e recursos que xa existen mais que o profesorado descoñece.

3. REVISIÓN DO PAPEL DO PROFESORADO EN LINGUA GALEGA

Houbo coincidencia en deixar constancia do papel errado que mantivo unha parte do profesorado de lingua galega durante todos estes anos quer por penalizaren, desde unha perspectiva excesivamente reduccionista, galegofalantes (tanto do profesorado coma do alumnado) que empregaban castelanismos léxicos e aos que non se lles valoraba a súa riqueza fonética, expresiva, de léxico autóctono diferenciado, quer por non lle daren a debida relevancia (ou por non o poderen facer) ao aspecto oral. Cómpre, nesta liña, potenciar unha pedagogía que se enfrente ao proceso de ensino-aprendizaxe da lingua galega desde a óptica de estarmos a traballar cunha lingua ameazada, un aspecto que debería merecer moita máis atención.

Isto unido á falta de formación do profesorado das diferentes especialidades sobre, por exemplo, a norma culta (o que provoca que redacten apuntamentos, exames, etc.. con faltas de ortografía, ou que non corrixan nunca os textos do alumnado), sobre variantes dialectais da lingua e sobre moitas outras cuestións que afectan á situación da nosa lingua, consolidou e mesmo acrecentou prexuízos no grupo de galegofalantes, levando consigo a perda da “materia prima” (falantes con lingua galega de seu, grupo que -ata hai relativamente pouco tempo- era bastante numeroso) e que o profesorado só debía pulir.

MEDIDAS. A raíz disto concordouse:

- Débese enviar unha mensaxe clara e contundente ao profesorado en xeral e ao de lingua galega en particular sobre a pedagogía que se debe empregar. Quéirase ou non, ser profesor/a de lingua galega non é o mesmo que ser de matemáticas ou de lingua española.

- Cómpre que na formación dos futuros docentes de lingua galega e literatura se inclúan perspectivas didácticas que recollan o enfoque comunicativo na aprendizaxe da lingua.

4. ADQUISICIÓN POR PARTE DO ALUMNADO DA COMPETENCIA EN GALEGO E O EMPREGO DA TERMINOLOXÍA ESPECÍFICA

Segundo nais-pais e profesorado, o alumnado, tanto o castelanfalante que recibe a maioría do ensino en galego, como o galegofalante, acada **competencia nas dúas linguas**. O ensino vese neste momento como a ferramenta que dota o alumnado en contextos urbanos e contornos familiares castelanfalantes de competencia lingüística en galego (competencia, que non mudanza de usos) e négase que a competencia en lingua castelá estea ameazada pola escolarización en galego.

Recoñece o profesorado de primaria e de secundaria a **ausencia de queixas por parte do alumnado** motivadas pola obriga de recibiren as ciencias sociais (xeografía e historia) ou as matemáticas en lingua galega. Porén, o profesorado de xeografía e matemáticas comeza a detectar alumnado que expresa actitudes negativas cara ao galego nas súas clases, e que reflicten os discursos que están calando na sociedade. Tamén se queixa o profesorado, ao lado de nais e pais, de que nos últimos tempos se comeza a vivir unha tensión nos centros arredor do tema lingüístico que antes non se percibía dentro das comunidades educativas, pese a que sempre houbo grupos e distinción entre os defensores e detractores do galego.

O profesorado con obriga de dar as aulas en lingua galega recoñece que **o alumnado** -en termos xerais- **non presenta ningún problema co léxico específico** desas materias, nin coa realización dos exames ou tarefas en lingua galega. Coinciden todos/as en observar que rapaces e rapazas dos diferentes niveis educativos aprenden a terminoloxía específica tal e como lla transmite o profesorado e resúltalle indiferente se está nunha lingua ou noutra. Todos concordan en que os únicos que presentan problemas son os proxenitores.

O profesorado de ciencias sociais (xeografía e historia) de secundaria, que xa leva 12 cursos de rodaxe coa obriga de impartir a súa materia en lingua galega, pon en valor o importante labor previo do profesorado de primaria encargado de ir ensinando léxico

específico en galego, terminoloxía que ten que ir asentándose en materias como coñecemento do medio.

Tampouco o profesorado atopou dificultades, nin en contextos castelanizados nin nos máis galeguizados, para que os discentes entregasen traballos en galego, mais si atopan alumnado con escasa ou nula competencia en expresión oral, competencia que só é posible mellorar a través do exemplo e da motivación que o profesorado da materia consiga durante todo o curso. Cómpre deixar constancia de que na enquisa de satisfacción que se lle pasa ao alumnado naqueles centros en que existe un programa de calidade (nos concertados en todos) este rarisimamente se queixa por que haxa materias en lingua galega, mais si o fai unha porcentaxe bastante considerable de nais e pais na enquisa correspondente.

MEDIDAS. Algunhas medidas para axudar a mellorar as cuestións presentadas arriba serían:

- Recoñécese a necesidade de chegar a nais e pais cun discurso que poña en valor o ensino da lingua galega e o ensino en lingua galega, que elimine prexuizos e - sobre todo- que desmonte unha campaña (orquestrada por determinados medios de comunicación de masas) sen ningún fundamento científico e que chega a cuestionar aspectos pedagóxicos sobre a aprendizaxe de linguas, asentados desde hai décadas por estaren baseados en estudos serios e rigorosos. Facer un problema arredor da aprendizaxe de léxico que os rapaces reciben sen problema só pode ter obxectivos diferentes aos estritamente pedagóxicos e educativos.
- Tamén son imprescindibles campañas cara ás familias que deixen á vista unha administración que aposta polo ensino en galego con mensaxes moi claras sobre a vantaxe da aprendizaxe en lingua galega en contextos castelanfalantes e tamén en contornos galegofalantes, onde os pais manifestan os prexuizos cara á lingua propia ao inclinárense por un ensino en castelán porque é a lingua prestixiada e cren que lles chega co galego que "xa saben". Medidas serias serían as que promocionasen a lingua demostrando que non hai "imposición" do galego a través das actuacións encamiñadas a eliminar prexuizos a falantes e non falantes.

- Cómpre tamén un labor de fomento da lingua entre o profesorado en xeral para que deixe de sentir, e de transmitirlle ao alumnado- a idea de que dar determinadas aulas en lingua galega é unha imposición.
- Cómpren campañas perfectamente articuladas desde a SXPL, en colaboración cos Equipos de normalización e dinamización lingüística (ENDL) dos centros de ensino, que envíen de maneira unánime a toda a comunidade educativa mensaxes destinadas a mudar os puntos anteriormente citados.

5. NECESIDADE DE DESLIGAR LINGUA E POLÍTICA

Reiterouse, por parte de profesorado e das familias, o pedimento de que a lingua estea desligada de medidas políticas interesadas e hipócritas, e reclamouse que o discurso sobre a lingua circule á marxe de opcións políticas partidistas. Faise, nese sentido, un chamamento á clase política para que no tema da lingua empreguen datos rigorosos e que deixen aos profesionais as descrições sociolingüísticas; xa que na situación actual cómpre diferenciar ben o discurso político que defenda cadaquén, a nivel particular e/ou partidario, daquel técnico e rigoroso que parte de estudos académicos, investigacións científicas obxectivas perfectamente contrastadas.

Ademais concrétese o malestar coa política en dous puntos que afectan directamente ao ámbito educativo:

1. Os continuos cambios na lexislación educativa, que provocan un rexeitamento de toda a comunidade, moi especialmente do profesorado, sobre todo porque sempre se fan á marxe del. Entre as persoas entrevistadas non se atacou nunca o contido do Decreto 124/2007, pero si que houbo un cambio máis. Deixouse constancia do malestar que producían as mudanzas, provocadas polo cambio de color do goberno, de leis, decretos... que nin se acaban de aplicar, nin se avalían e que simplemente se eliminan por cuestións políticas.
2. Profesorado e pais (informados) son sabedores de que existe un incumprimento consciente da lexislación lingüística no ámbito educativo, sobre o que non pesa ningunha sanción.

MEDIDAS:

Para mudar a perspectiva sobre a política e a lingua cómpre intervir desde un discurso **rigoroso** que chegue á sociedade, desde unha mudanza das posturas da administración educativa, e desde un acatamento por parte da clase política de que o ensino e a lingua no ensino merece un respecto que pasa por estar á marxe de programas políticos concretos que reviran todo cada 4 anos.

Resulta neste momento imprescindible transmitir a idea de que a cuestión da aprendizaxe das linguas no ensino é unha cuestión que ten que estar atenta ao que din os especialistas na materia: pedagogos, sociolingüistas, investigadores en aprendizaxe e adquisición de linguas... e non un tema que poida servir para facer demagogia política.